



Galicia

GALICIA LABORAL

Diario dixital da UGT de Galicia

LOITA polo TEU

ÚNETE

ISSN 1989-3299

Nº 670 Semana do 21 ao 27 de marzo de 2016

UGT AMOSA A SÚA SOLIDARIEDADE COAS VÍTIMAS DOS ATENTADOS EN BRUXELAS

Redacción.- A Unión Xeral de Traballadores expresa a súa rotunda condena polos atentados terroristas que se produciron hoxe en Bruxelas, no aeroporto e no metro, transmite a súa solidariedade aos familiares e amigos das vítimas e desexa a pronta recuperación das persoas feridas.

O sindicato, que tamén quere transmitir o seu pésame ás institucións e ao pobo belga, reitera o compromiso do movemento sindical, no seu conxunto, e das traballadoras e traballadores, aos que representa, en contra do terrorismo e dos actos violentos, accións que non teñen cabida en ningunha sociedade democrática. A Comisión Executiva Confederal de UGT enviou mensaxes de condolencias, solidariedade e apoio, a través das confederacións sindicais belgas ABVV/FGTB, ACV/CSC e CGSLB/ACLVB,

e senllas mensaxes de solidariedade ás súas confederacións internacionais: Confederación Europea de Sindicatos e Confederación Sindical Internacional, cuxas sedes están en Bruxelas.



CONCENTRACIÓNS

UGT e CCOO convocaron concentracións ás portas das sedes sindicais e de todos os centros de traballo, privados ou da administración pública, para gardar un minuto de silencio en solidariedade coas vítimas dos atentados no aeroporto e o metro de Bruxelas ás 12.00 horas deste mércores, 23 de marzo.

UGT e CCOO fan súa a mensaxe de Luca Visentini, Secretario Xeral da CES, quen afirmou que "estamos con todas as persoas en Bruxelas que foron feridas ou mortas, coas súas familias, con todos os que fan fronte a esta situación alarmante, e cos que buscan noticias de familiares, amigos e colegas". "É incomprendible que alguén desexa levar tal sufrimento e desdicha aos demais."

A UNIÓN EUROPEA CONMEMORA O DÍA INTERNACIONAL DA ELIMINACIÓN DA DISCRIMINACIÓN RACIAL CON DÚAS DECISIONS QUE FOMENTAN O REXEITAMENTO AOS MIGRANTES

Redacción.- A Unión Xeral de Traballadores recorda que no Consello Europeo dos días 17 e 18 de marzo, adoptáronse dúas decisións que implican o rexeitamento aos migrantes máis vulnerables e aos traballadores e traballadoras con menos recursos.

Xunto ao Acordo UE-Turquía e a devolución a este país de migrantes e solicitantes de asilo que comezará o 20 de marzo, confirmáronse tamén as concesións ao Reino Unido que restrinxen o dereito á libre circulación de traballadores e traballadoras.

A Unión Xeral de Traballadores, no día internacional da eliminación da discriminación racial, lamenta profundamente que a Unión Europea e os seus Estados membros, dean luz verde a dúas decisións que son un reflexo dunha ideoloxía que rexeita aos migrantes carentes de recursos, sexan estes posibles solicitantes de protección internacional ou solicitantes de asilo.

O Acordo con Turquía e o Acordo co Reino Unido, levantan novas fronteiras de desigualdade, cercenan dereitos, e levantan

fronteiras, nuns casos físicas e noutros de papel. En ambos casos co mesmo obxectivo, consolidar unha Europa que só se move por intereses económicos, que dá as costas, tanto a colectivos especialmente vulnerables como aos seus propios cidadáns en situación máis vulnerable, que restrinxen e elimina dereitos, ata fundamentais e que só quere no seu territorio e circulando polo espazo Schengen a quen poden manterse por si mesmos. No ano 2012, o 56% da poboación europea consideraba que a discriminación por orixe racial ou étnico estaba moi estendida, porcentaxe que se eleva ao 64% en 2015. En España, os informes sobre incidentes relacionados cos delitos de odio por orixe racial ou étnico, xa sexan infraccións penais ou administrativas, do Ministerio do Interior, sinalan que pasamos de 381 incidentes rexistrados no ano 2013 a 505 no 2015, o 38'08% do total dos incidentes rexistrados e pasando a ser, por primeira vez, o motivo que acumula maiores incidentes rexistrados.

Sobre o acordo con Turquía que a partir do domingo 20 de marzo, permitirá que to-



dos os migrantes irregulares (e isto inclúe a posibles solicitantes de asilo) que pasen desde Turquía ás illas gregas sexan devoltos a este país, non respecta a normativa internacional. Contraviene a prohibición de expulsión ou devolución da Convención sobre o Estatuto de refuxiados de Nacións Unidas, posto que migrantes e solicitantes de asilo serán devoltos sen examinar a súa solicitude.

Respecto ao Acordo con Reino Unido, a Unión Xeral de Traballadores quere recordar que implica a modificación de reglamentos e directivas da Unión e que poderán ser utilizadas por calquera outro estado membro, abrindo a vía para destruír principios fundamentais da Unión: a libre circulación e a igualdade entre cidadáns comunitarios.

A AUGA, RECURSO ESENCIAL PARA A VIDA, O DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE E O EMPREGO

Redacción.- No Día Mundial do Auga, que se celebrou o 22 de marzo, UGT e CCOO reivindicaron unha vez máis a importancia da xestión sostenible dos recursos hídricos. Con case 700 millóns de persoas sen acceso fácil a fontes de auga potable, as organizacións sindicais reclaman o acceso universal ao auga xa que, ademais de ser un recurso esencial para a vida e o desenvolvemento sostenible, é un importante factor de creación de emprego.

Por iso, CCOO e UGT reclaman ás administracións que axilicen a implementación de medidas orientadas a mellorar a eficiencia, calidade e garantía do acceso universal do auga, asegurando a aplicación dos principios de participación e control social como elemento clave de garantía dunha xestión sostenible e eficaz dos recursos hídricos.

A celebración do Día Mundial do Auga, o próximo 22 de marzo, bríndanos a ocasión de reivindicar unha vez máis a importancia da xestión sostenible dos recursos hídricos, como un dos elementos centrais da axenda de política ambiental.

Este ano, o lema elixido pola ONU para conmemorar a efeméride é "Auga e Traballo", dous elementos esenciais para garantir o desenvolvemento dos ecosistemas e a supervivencia da Humanidade.

O Quinto Informe do Grupo Intergubernamental de Expertos de Cambio Climático (IPCC) advirte que os cambios do réxime de precipitación debido ao calentamiento global, caracterizados por unha maior variabilidade e intensidade dos fenómenos chuviosos, están alterando os sistemas hidrolóxicos e reducirán a dispoñibilidade de auga potable en cantidade e calidade, sendo especialmente vulnerables a este risco climático a rexións central e sur de Europa.

Preto de 700 millóns de persoas non teñen fácil acceso a fontes de auga pota-



ble, segundo datos da Organización Mundial da Saúde (OMS, 2015). Para abordar este problema, a ONU aposta no Obxectivo 6 da Axenda 2030 para o desenvolvemento sostenible por "garantir a dispoñibilidade de auga e a súa xestión sostenible e o saneamento para todos".

UGT e CCOO traballamos desde fai tempo para lograr que o acceso ao auga potable sexa universal e apoiamos, xunto a outras organizacións sociais, a Iniciativa Cidadá Europea "A auga é un dereito humano", que demanda á Comisión agilizar a implementación de propostas legislativas para facer efectivo o dereito humano ao auga e ao saneamento no conxunto da UE, e no resto do mundo, a través da cooperación ao desenvolvemento.

Reforzar a xestión integrada dos recursos hídricos aos distintos niveis, mellorando a utilización eficiente dos recursos, aumentando a depuración e reutilización de augas residuais e protexendo os ecosistemas relacionados co auga, é a mellor garantía de xestión sostenible dun recurso renovable, sometido a unha demanda crecente pola concurrencia dos distintos usos e que, ademais, é soporte de funcións ambientais esenciais para a vida.

A xestión do auga é tamén un importante factor de creación de emprego, tanto no sector público como privado, e un dos subsectores que máis emprego verde xerou a nivel mundial, segundo o Programa de Medio Ambiente de Nacións Unidas. Os operadores de instalacións de abastecemento e augas residuais dan emprego

aproximadamente ao 80% dos traballadores da industria do auga (UNESCO-2012), e en España, estudos recentes sinalan que o sector do auga xera 38.000 empregos directos (Fundación Biodiversidade, MAGRAMA 2014).

Nesta celebración do Día Mundial do Auga, UGT e CCOO reclamaron ás administracións que axilicen a implementación de medidas orientadas a mellorar a eficiencia, a calidade e a garantía do acceso universal ao auga. España debe acometer os investimentos suficientes para cumprir coas súas obrigacións en materia de depuración de augas, así como atender á conservación e mellora das infraestruturas actuais, cuxa actividade contribúe ademais á creación de emprego local.

Asegurar a aplicación dos principios de participación e control social na xestión do auga, no contexto do novo marco da planificación hidrolóxica, é outro elemento clave de garantía de xestión sostenible dos recursos hídricos que permitirá desenvolver unha política hídrica baseada no consenso de todas as partes interesadas.

Consideramos que a xestión integral do ciclo hidrolóxico, atendendo aos criterios e demandas expostas, constitúe o marco fundamental para progresar cara á consecución dos obxectivos da Axenda 2030 da ONU, ao mesmo tempo que se reduce a vulnerabilidade aos impactos do cambio climático sobre os recursos hídricos e aproveítase a oportunidade de creación de emprego de calidade que ofrece o sector de xestión do auga.

Programa de garantía xuvenil

Programa extraordinario de activación para o emprego

INFÓRMATE!

Dirixete ás sedes de **UGT** ou en: <http://www.ugtgalicia.org>

NOVA CONCENTRACIÓN DOS EXTRABALLADORES DA FÁBRICA DE ARMAS



Redacción.- O pasado venres, os extraballadores da fábrica de Santa Bárbara da Coruña concentráronse de novo en contra da decisión do ministerio de Defensa, que confirmou o pasado martes, a concesión da fábrica de armas a unha em-

presa sobre a que pesan innumerable falta de pagamentos (seguridade, salarios, aluguer de instalacións) e non cumpre cos compromisos adquiridos no prego de condicións da adxudicación, causas todas elas da retirada da concesión.

UGT DUPLICA EN VOTOS AO RESTO DOS SINDICATOS NAS ELECCIÓNS DE SEGUR IBÉRICA DE A CORUÑA

Redacción.- Nas eleccións sindicais parciais celebradas o pasado 21 de marzo, UGT conseguiu unha aplastante vitoria ao duplicar o número de votos dos demais sindicatos que se presentaron na empresa de seguridade Segur Ibérica de A Coruña.

Así, UGT recibeu 140 votos, USO 75, CCOO 24 e CIG 20. FES-UGT agracece a todos os traballadores e traballadoras o apoio recibido.

SEGUNDO AGTAMAR-UPTA

GALICIA CONTA CON 5.433 TRABALLADORES ESTRANXEIROS AFILIADOS AO RÉXIME DE AUTÓNOMOS NO MES DE FEBREIRO

Redacción.- O número de estranxeiros que traballan por conta propia na Comunidade de Galicia creceu nos últimos doce meses en 242. O número total de autónomos doutros países en Galicia é de 5.433, de entre os cales 2.415 son cidadáns da Unión Europea e 3.018 de países que non forman parte da UE.

No Réxime do Mar o número de estranxeiros é de 1.149, de entre os que unha boa parte son tamén por conta propia. Sen dúbida esta evolución vén demostrar a pujanza do traballo autónomo entre as persoas que chegaron á nosa Comunidade para traballar por conta allea, pero aos que as dificultades económicas e para atopar emprego condúcenlles cara ao emprendimento e a actividade económica propia.

Por esta razón a Asociación Galega de Traballadores Autónomos e do Mar (AGTAMAR) organización integrada na Unión de Profesionais e Traballadores Autónomos (UPTA) vén promocionando a asistencia técnica e o asesoramento especializado para este colectivo que sen dúbida comeza a ser un dos máis importantes para o fomento do autoempleo na nosa Comunidade.

UGT DENUNCIA GRAVES DEFICIENCIAS NO SISTEMA INFORMÁTICO DO SEPE

Redacción.- UGT denuncia as pésimas condicións nas que teñen que prestar atención á cidadanía os/as empregados/as do SEPE (antigo INEM). A falta dun sistema informático eficaz e eficiente dificulta os procesos de atención e solicitude.

Tras máis de cinco anos implantando un sistema de información e xestión das prestacións por desemprego, os/as empregados/as do SEPE, así como os/as cidadáns/as, mostran o seu malestar polos continuos fallos do sistema informático e reclaman unha maior calidade do servizo.

O persoal do Organismo vese obrigada a realizar tarefas non retribuídas e non recoñecidas pola categoría das actividades que desenvolven. Este feito, unido á falta de ferramentas necesarias para o desenvolvemento das súas funcións, está orixinando entre os/as empregados/as a aparición de patologías propias de riscos psicosociais como estrés, insomnio, agresións, etc.

A posición da Administración está sendo totalmente disparatada: negan a existencia dos erros informáticos e as agresións ao persoal, cualificando os mesmos como illados. O custo da implantación dos distintos sistemas informáticos recae no peto de o/a contribuyente. O atraso no abono de prestacións e na xestión dos trámites é alleo á vontade do persoal.

En éraa da información e as novas tecnoloxías, nun país desenvolvido como o noso, é lamentable atoparmos con esta situación. UGT reclama a equiparación de me-



dios, tanto materiais como humanos, ao resto de Entidades Xestoras, INSS e TGSS.

Desde UGT lamentamos a actitude e ineptitude da totalmente desaparecida Directora Gral. do SEPE, quen desde o seu nomeamento no posto non abordou ningún dos moitos problemas que existen no organismo nos últimos anos.

UGT solicita aos máximos responsables unha reunión urxente para abordar os asuntos que están entorpecendo a prestación do servizo e reclama aumento de persoal, implementación do sistema informático, cita previa, melloras en oficinas, prevención de riscos, etc